

ANEXO V**Baremo**

Para a súa aplicación non se teñen en conta os datos relativos ao/á fillo/a con discapacidade, se for o caso.

1. Idade: máximo 10 puntos.
 - Con menos de 65 anos: 2 puntos.
 - Entre 65 e 74 anos: 4 puntos.
 - Entre 75 e 84 anos: 6 puntos.
 - Con 85 ou máis anos: 10 puntos.

Nesta variable computarase a idade da persoa solicitante e, se é o caso, a do/da cónxuxe (matrimonio ou parella) ou acompañante. Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

2. Situación económica: ingresos mensuais líquidos: máximo 40 puntos.
 - Con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 567,00 €, 40 puntos.
 - Con ingresos mensuais comprendidos entre 567,01 € e 745,00 €, 30 puntos.
 - Con ingresos mensuais comprendidos entre 745,01 € e 987,00 €, 20 puntos.
 - Con ingresos mensuais comprendidos entre 987,01 € e 1.134,00 €, 10 puntos.
 - Con ingresos mensuais superiores a 1.134,00 €, 0 puntos.

Nesta variable valoraranse os ingresos líquidos da persoa solicitante e, se é o caso, os da persoa cónxuxe (matrimonio ou parella ou acompañante). Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

Para calcular os ingresos medios mensuais computaranse todos os ingresos percibidos por cada unha das persoas solicitantes ao longo do ano polos diferentes conceptos e dividido por doce (12) meses.

No caso de empate, daráselles prioridade ás persoas que teñan menores ingresos, seguidas das de maior idade.

